



GHALESES

Dentro dos distintos acabados e revestimentos empregados na arquitectura tradicional galega para protexer os muros da humidade e da choiva, destaca o uso das valvas planas de vieira como elemento de protección das fachadas máis expostas ao vento mariño. Xaquín Lorenzo describe esta técnica do seguinte xeito: «Na beiramar, especialmente nas paredes careadas ó vento, úsanse protección nelas pra evita-la humidade; o mais corrente é unha capa de alquitrán, piche, por riba do barro. Non obstante, non a todos satisfai este lúgubre aditamento e atoparon un substitutivo de gran beleza, que consiste en cubri-la parede cunha man de barro e logo, sobre el, e en forma de escamas de peixe, valvas planas de vieiras, coa cara nacarada pra fóra. Doadamente se ve o valor decorativo deste revestimento, aunque tampouco non se oculta a dificultade de xunta-lo número de cunchas que se precisan pra encher unha parede enteira, aunque non sexa moi grande» (Lorenzo, 1982).



As imaxes que acompañan este artigo forman parte do proxecto *Azulixería*, desenvolto no marco da Bolsa REGA Deseño 2025 en colaboración con Abelardo Pérez. A documentación fotográfica é de Ismael Torres.

Bosquexo inicial en acuarela, valva plana de vieira empregada como referente formal, primeiro modelado en arxila e elaboración do molde de xeso a partir do prototipo.





Dende unha perspectiva arquitectónica, Manuel Caamaño sinala:

«Nos muros máis batidos polo vento, os que están enfrentados cara ó vendaval (o Sul), que adoitan ser muros piñón, refórzase o recebado cun recubrimento de cunchas de vieira nas Rías Baixas (ría de Arousa fundamentalmente), logrando así, ademais da protección que se procura, un notable efecto estético. Noutros lugares o revestimento faise con lousas de xisto, tellas ou chapapote asfáltico, de resultado semellante á anterior solución» (Caamaño, 2006).

Nin Xaquín Lorenzo nin Manuel Caamaño precisan o nome tradicional deste revestimento.



Logo de modelar a peza, constrúese un encofrado cun acetato e sélase o perímetro con xabón potásico e un roliño de barro para evitar fugas. Prepárase o xeso Álamo-70 coa proporción de auga axeitada e vértese no interior do encofrado, dando pequenos golpes sobre a superficie do xeso para liberar as burbullas de aire e asegurar un molde compacto.


Maqueta de papel e bambú que bosquexa a colocación e rotación das pezas sobre o soporte.






A documentación máis antiga coñecida do termo galés procede de Martín Sarmiento, quen recolle en Palmeira as formas galés e galesiño, indicando que «Llaman así en Palmeyra a la **tapa llana** de las conchas vieiras» (Sarmiento, 1973 [1745–1755]). Noutra entrada do Catálogo de voces y frases de la lengua gallega engade: «La vieira. Bivalva, la tapa es llana y se llama galés», confirmando así que o termo designaba especificamente a valva plana da vieira.


En Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués (1959), Aníbal Otero precisa: «xa”les. Valva plana de la concha de la venera. Se colocan sobre el costado de las paredes de las casas, para defenderlas de la lluvia. Puebla del Caramiñal. DEL LAT. “GALLA”.»



Ábrese o molde cando o xeso comeza a desprender calor. Realízase o escofinado e o repaso con espátulas e navalla, retírase o modelo coa axuda dun compresor de aire e lávase e sécase a superficie. A continuación vértese a barbotina — preparada coa mesturadora e un pé de taladro, axustando a densidade con silicato sódico segundo ficha técnica— para iniciar o proceso de colada.

Déixase a barbotina no molde o tempo necesario para acadar o grosor desexado (neste caso, entre 2 e 3 minutos). A continuación baleírase o exceso, desmóldase, recórtanse os bordes con navalla e deixase secar. Cando a peza acada o punto de dureza axeitado, repásanse os bordes cunha navalla e suavízase a superficie cunha esponxa moi escurrida.





En latín clásico, **galla** designaba a bugalla ou agalla do carballo, unha excrescencia vexetal rica en taninos utilizada tradicionalmente na fabricación de tintas e no curtido de coiros. A hipótese presenta, porén, dificultades tanto formais como, sobre todo, semánticas, xa que non se coñecen usos de galla co significado de cuncha, valva ou elemento semellante que permitan explicar de maneira satisfactoria a evolución cara ao galego galés. Poderían formularse algunhas posibilidades intermedias, relacionadas coa idea de protuberancia, casca ou envoltura, pero polo momento carecen de apoio documental.



Unha hipótese diferente é a proposta por Joan Coromines. Segundo este autor, galés estaría relacionado co medieval galé, forma reducida de **galea**, nome dunha embarcación de remos emparentada coa galera. Coromines considera que o actual singular galés podería proceder dun antigo plural reinterpretado posteriormente como singular. Esta hipótese ofrece unha explicación convincente da evolución formal da palabra, aínda que segue deixando aberta a cuestión do cambio semántico que levaría dunha denominación náutica ao nome da valva plana da vieira.

Unha vez que a peza está totalmente seca, cárgase no forno para a primeira cocción (biscoito, 1000°C).



Pode formularse a hipótese de que existise unha fase intermedia, hoxe descoñecida, na que o termo se aplicase a determinados obxectos mariños ou a certas cunchas.

A coincidencia entre galés, nome da valva plana da vieira, e **galés**, xentilicio do País de Gales, deu lugar tamén a explicacións de tradición oral. Nalgunhas localidades das Rías Baixas mantense a idea de que os mariñeiros galegos aprenderon en Gales a técnica de revestir as fachadas con cunchas de vieira e que, por esa razón, estas pasaron a coñecerse como galeses. Polo momento non se coñece ningunha fonte histórica que confirme esta interpretación, polo que debe entenderse como unha hipótese ou un relato de transmisión popular. Con todo, non deixa de resultar significativa, xa que pon de manifesto que a propia comunidade procurou explicar a orixe desta palabra.



Unha vez biscoitadas, límpanse as pezas cunha esponxa moi escurrida para retirar o po, e vídranse —neste caso con pinceleta— empregando esmalte transparente de alta temperatura e óxidos sobrecuberta (mestura de óxido, fritada ou esmalte de baixa temperatura e auga, segundo a opacidade desexada), aplicados sobre o esmalte (6025). Finalmente realízase a cocción de maduración a 1260 °C (cada arxila ten o seu propio punto de maduración).

No Salnés e na Illa de Arousa, a valva plana da vieira coñécese tradicionalmente como **testo**. A RAG recolle **testo** como sinónimo de galés e, mentres que **testo** remite claramente á idea de «tapa» ou «cuberta», a etimoloxía de galés continúa sendo incerta. O feito de que ambos os termos designen a mesma peza non implica necesariamente que compartan a mesma orixe. Neste contexto, pode formularse a hipótese de que galés non naceuse inicialmente como nome da valva, senón como a denominación dun uso, dunha técnica, dun oficio ou doutro referente hoxe desaparecido, pasando posteriormente a designar a propia peza. Ata o momento non se coñecen datos documentais que permitan confirmar esta posibilidade, pero constitúe unha vía de investigación distinta das hipóteses etimolóxicas formuladas ata o de agora. O que si sabemos é que os ghaleses forman parte dun patrimonio material e lingüístico singular das Rías Baixas e que continuar investigando a súa historia é tamén un xeito de contribuír á conservación desa memoria.

Libros e artigos

Caamaño Suárez, M. (2006). *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Vigo: NigraTrea.

Coromines, J. (1980-1991). *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana* (10 vols.). Barcelona: Curial Edicions Catalanes / Caixa de Pensions.

Lorenzo Fernández, X. (1982). *A casa*. Vigo: Editorial Galaxia.

Otero Álvarez, A. (1959). «Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLIV, 331-348.

Rodríguez González, E. (1958-1961). *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (3 vols.). Vigo: Editorial Galaxia.

Sarmiento, M. (1973). *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (Ed. de J. L. Pensado Tomé). Salamanca: Universidad de Salamanca. (Manuscrito redactado entre 1745 e 1755).

Recursos en liña

Instituto da Lingua Galega. (s.d.). *Diccionario de diccionarios*. Universidade de Santiago de Compostela. <https://ilg.usc.gal/ddig/>

Real Academia Galega. (s.d.). *Diccionario da Real Academia Galega*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega. <https://academia.gal/diccionario>